

## CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

Pontepedra-Cabaleiros 15683 (TORDOIA-A Coruña) C.I.F. P-1508500-D Teléfonos:  
981.69.00.01 - FAX.: 981.69.00.05

### BASES PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA O PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI)

**PRIMEIRA: OBXECTO:** As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de selección para a creación dunha bolsa de traballo para o posto persoal de APOIO no PAI, para os casos de substitución de persoal con dereito a reserva do posto de traballo, por baixas por incapacidade temporal, maternidade, vacacións, licenzas, permisos, xubilación parcial ou anticipada polo período que medie entre a xubilación e a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión de postos de traballo previstos legalmente, e acumulación de tarefas, de carácter puntual do Punto de Atención á Infancia do Concello de Tordoia, e calquera outra que esixa a urxencia na contratación.

**SEGUNDA: FUNCIÓNS:** As funcións do persoal de apoio do PAI serán as recollidas na ordenanza reguladora do PAI do Concello de Tordoia vixente.

**TERCEIRA: XORNADA:** A xornada será completa ou parcial, de luns a venres, segundo as necesidades do servizo.

**CUARTA: REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES:** as persoas aspirantes deberán reunir los seguintes requisitos:

- Estar en posesión do título de mestre/a especialista en Educación Infantil ou equivalentes ou técnico superior en Educación Infantil o equivalente, de técnico en Atención Socio-sanitaria, técnico superior en animación sociocultural, técnico en coidados auxiliares de Enfermería, técnico en puericultura recoñecido pola Consellería de Sanidade ou algún dos cursos de especialización na materia, que cun mínimo de 300 horas recoñeza o órgano competente na autorización do centro.
- Estar en posesión do certificado de manipulación de alimentos o ou carne de manipulador de alimentos.
- Ter nacionalidade española. Ademais, no proceso poderán participar as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Os estranxeiros aos que se refiren os apartados anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán participar no presente proceso selectivo.
- Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. As persoas con discapacidade serán admitidas en igualdade de condicións cos e cas demais aspirantes sen que se establezan exclusións por limitacións psíquicas ou físicas senón nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima da xubilación forzosa.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso aos corpos ou escalas de funcionario e para

exercer funcións similares as que desenvolvan no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ter nacionalidade doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

**QUINTA:** As actuais participantes na lista de emprego en vigor, serán chamadas para participar no novo proceso, asemade o concello presentará unha oferta o Servizo Público de Emprego para a selección na categoría de persoal de apoio do PAI. Os membros da lista resultante da oferta de emprego serán chamados e deberán aportar a documentación relativa aos requisitos expostos neste escrito, así como toda aquela que consideren necesaria, co fin de poder valorar os méritos que aleguen.

Ademais, achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

- Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte. Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Declaración xurada de que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais esixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia).
- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración no concurso. A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal, aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias, xa que non poderán subsanarse.
- De ser o caso, fotocopia compulsada de documentación oficial que acredite o CELGA 2 ou superior.
- Certificado de grao de discapacidade, de se-lo caso


## **SEXTA: CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS REMITIDAS POLO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO:**

### **1. Experiencia profesional: 4 Puntos**

Unicamente se valorará este apartado cando da documentación achegada pola persoa aspirante, se desprenda que a experiencia laboral está directamente relacionada coas funcións da praza ou do posto a cubrir.

Período e tipo empresa:

- Por cada mes de experiencia acreditado na administración pública: 0,10 puntos
- Por cada mes de experiencia acreditado na administración privada: 0,05 puntos



## **CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)**

Pontepedra-Cabaleiros 15683 (TORDOIA-A Coruña) C.I.F. P-1508500-D Teléfonos:  
981.69.00.01 - FAX.: 981.69.00.05

Os meses se entenden por períodos de 30 días. No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100%, a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

As fraccións de ano computaranse prorrateando a puntuación anual polos meses completos traballados.

Non se valorarán os servizos prestados á administración pública en virtude dun contrato administrativo suxeito á normativa de contratación. Tampouco se valorarán os servizos prestados en calidade de persoal funcionario eventual ou de confianza.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar copia cotexadas dos contratos de traballo e informe de vida laboral actualizado, proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Estes documentos poderán se substituídos por un Certificado de Servizos, en caso de Administración Pública. No caso de traballos realizados para unha empresa privada, e para o caso de que dos contratos e da vida laboral non se derive a categoría do traballador ou traballadora, poderá aportarse orixinal ou copia compulsada das nóminas, ou calquera outro documento con forza probatoria e en que se perciba claramente a duración do contrato, traballo desempeñado e xornada. En todo caso, valoraránse os servizos prestados sempre que queden acreditados de forma clara e expresa.

### **2. Formación Complementaria: 3 Puntos**

Por cursos relacionados coas funcións propias da praza a que aspira e impartidos por administracións públicas, colexios profesionais, universidades, Fundación Estatal para a Formación e o Emprego (Fundación Tripartita), ou por outras entidades ou empresas sempre que neste último caso veñan homologados por administración públicas, segundo o baremo seguinte:

- De 20 horas a 39 horas: 0,10 puntos
- De 40 horas a 59 horas: 0,20 puntos
- De 60 horas a 99 horas: 0,40 puntos
- De 100 horas a 149 horas: 0, 70 puntos
- De mais de 150 horas: 1 punto

No suposto de non acreditarse a duración dos cursos, estes non se valorarán. Os méritos alegados polas persoas aspirantes deberán acreditarse mediante a presentación de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos, que deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e, expresar con suficiente claridade o seu contido básico.

Non se computarán cursos de menos de 20 horas nin xornadas, seminarios, congresos ou similares nin os certificados ou diplomas nos que non se especifique o programa formativo e a duración en horas da correspondente acción formativa. No caso dos centros homologados, debe constar esta homologación de forma expresa na documentación presentada.

En ningún caso serán valorados por este apartado aqueles “cursos” cuxa finalidade sexa a obtención dun título académico.

### **3. Entrevista: 3 puntos.**

Versará sobre os méritos adecuados as características do posto nos que se avaliará o coñecemento do servizo que se presta no PAI, a capacidade de comunicación, claridade expositiva, competencias novas tecnoloxías, coñecemento do posto, capacidade organizativa e capacidade de traballo en equipo.

O tribunal de selección determinará os criterios aplicables o posto dos relacionados no punto anterior así como a ponderación dos mesmos.

### **SÉPTIMA: CALIFICACION PROVISIONAL**

A cualificación total obterase de sumar os puntos acadados de conformidade co baremo anteriormente sinalado.

O tribunal publicará as puntuacións otorgadas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Contra esta valoración, as persoas interesadas poderán formular alegacións ante o tribunal no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte a dita publicación.

### **OITAVA: CALIFICACION DEFINITIVA**

Rematado o proceso, o Tribunal Cualificador emitirá acta facendo pública, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, a puntuación total de todos e cada un dos aspirantes, aínda que non se poderá formalizar proposta de contratación máis que a favor da aspirante con puntuación superior.


De existir empate entre as puntuacións das persoas candidatas, este resolverase a favor de aquel que teña a primeira maior puntuación seguindo a orde de puntuación do baremo incluíndo a proba.

Se este continuase desfarase seguindo a orde alfabética, comezando pola letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública de 13 de xaneiro de 2022 30/01/2020 pola que se fai público para o ano 2022 o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia, (DOG n.º 24 do 4 de febreiro de 2022), polo que os desempates que deriven desta selección empezarán por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra “T”.

Tendo en conta a proposta de nomeamento do Tribunal, procederáse ao nomeamento polo órgano competente.

### **NOVENA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O tribunal cualificador do proceso selectivo designarase por resolución de Alcaldía, deberá estar integrado por cinco (5) membros titulares, dos que se poderán designar suplentes, sendo a súa composición 1 Presidente/a, 1 Secretario/a e 3 vocais.



## **CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)**

Pontepedra-Cabaleiros 15683 (TORDOIA-A Coruña) C.I.F. P-1508500-D Teléfonos:  
981.69.00.01 - FAX.: 981.69.00.05

O órgano de selección será colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. Todas as persoas integrantes do órgano de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao exixido para participar no proceso selectivo e todas terán voz e voto:

A pertenza ao órgano de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse ésta en representación ou por conta de ninguén. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencibilidade das probas e do estricto cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

O órgano de selección deberá constituirse na data na que se designe, entendéndose válidamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do tribunal. Na sesión constitutiva do órgano de selección adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas e do proceso selectivo. As decisións adoptaranse por maioría dos votos, resolvendo os empates co voto de calidade do/a presidente/a do órgano de selección.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concurra neles algunha das circunstancias previstas no artigo nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Os membros do órgano de selección deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía a concorrencia neles dalgunha das circunstancias previstas no artigo 23, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do órgano de selección cando concurra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido no artigo 24, da citada lei.

### **DÉCIMA: INCIDENCIAS**

O tribunal do proceso queda facultado para interpretar as bases da convocatoria así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

### **DECIMOPRIMEIRA: FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE TRABALLO**

Cando por razóns de necesidade ou urxencia sexa necesario cubrir prazas na categoría convocada, procederase ao chamamento pola rigorosa orde establecida na Bolsa de traballo, agás que se trate de prazas subvencionadas que requiran doutro procedemento.

As persoas que figuren na bolsa terán a obriga de concorrer ao chamamento que se realice.

O chamamento das persoas candidatas realizarase mediante correo electrónico ou chamada telefónica, neste caso se realizarán tres chamadas telefónicas en diferentes franxas horarias, a Traballadora Social que realice as chamadas fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta.

A persoa aspirante disporá de 24 horas hábiles dende a recepción para aceptar a oferta.

Renuncias: Con carácter xeral a non aceptación ou renuncia ao chamamento que se produza para cubrir a praza que se convoca, pasará a ocupar o último lugar la bolsa de emprego, excepto nalgunha das seguintes situacións:

- Que acrediten estar traballando nese momento ou estean en situación de activo.
- Que acrediten situación de baixa médica ou enfermidade debidamente acreditada.
- Que acrediten estar en situación de descanso maternal ou paternal.
- Que estean realizando cursos de formación relacionados co posto que se oferta, en horario incompatible co traballo ofertado.
- Calquera outra situación de carácter extraordinario valorado polos servizos sociais comunitarios.

A presentación da documentación acreditativa de calquera das anteriores circunstancias efectuarase no prazo de 3 días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación ou chamamento efectuado polo Concello.

Exclusión: Son causas de exclusión da bolsa de traballo as seguintes:

- Solicitud expresa.
- Rexeitamento de oferta de traballo por causa non xustificada.

## **DECIMOSEGUNDA: VIXENCIA DA BOLSA**


A bolsa de traballo resultante do proceso de selección regulado nestas bases estará vixente ata a posta en marcha dun proceso que as substitúa.

## **DECIMOTERCEIRA: RECURSOS**

Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso – Administrativo. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

## **DÉCIMOCUARTA: PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

De conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do



## **CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)**

Pontepedra-Cabaleiros 15683 (TORDOIA-A Coruña) C.I.F. P-1508500-D Teléfonos:  
981.69.00.01 - FAX.: 981.69.00.05

Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitaron.

As persoas interesadas poden retirar o consentimento, no caso de que o outorgaran, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: [correo@tordoia.gal](mailto:correo@tordoia.gal)

En Tordoia a día 03 de maio de 2022

A Concelleira de Asuntos Sociais e Emprego

Inés Santos Pereiro